

5ª Brêtema.

Pra minha filha Candida.

Ô Brêtema, tu sabes?, é seguinte:
Os piteirales pouco a pouco explora
E anda sempre descalça, e si se espinta
Sangrar, non sangra; pero chorar, chora.

Chora copiosamente a pobresita,
Como chorou Jesus, cal chora a aurora,
E en mans d' o sol é cada lagrimina^{1ª}
Derramada, unha estrela brilladora.

Lagriminas preciosas! recollêlas
Mil veces se me scurre, pra con elas
Facer... (si xa non sono, ¿qué eu faria?)

¿Unha carta me pides? Lograréina!
Como un rey a quixeta pra unha reyna!
Como nunca se ven na xoveria.

~~António Noriega~~
Varela